


CANTOS DE NADAL



EDITORIAL Unitariadevide. Vide. Novembro 2008

1. NADAL DE LUÍNTRA

Cara a Belén camiña
unha nena ocupada
Fermosa en canto a ela
San Xosé a acompaña

Chegaron a Belén
E pediron pousada
Responderon de adentro
Con voz alborotada

Quen chama a miña
porta
Quen a porta me chama
Somos Xosé e María
Que pedimos pousada

Se traen cartos que
entren

E senón que se vaian
Cartos non traerei
Máis que un real de prata

Ilos son poucos cartos
Pidano noutra parte
San Xosé se apenaba
María o consolaba

Non te apenes Xosé
Non te apenes por nada
Que máis cartos ti queres
Que isto que me
acompaña.

2.MUXICAS NO CEO DE BELÉN

Est noite é Noiteboa
Vamos todos a Belén
E veremos o meniño
que naceu pro noso ben

Esta noite é Noiteboa
Cantaremoslle ó recién
Panxoliñas , aninovos
E pandeiradas tamén

Esta noite é Noiteboa
Comeremos ata encher
Bacallau con coliflor
E langostinos do Berbés

Esta noite é Noiteboa
Beberemos todas ben
Albariño de Cambados
Champan e licor café

Esta noite é Noiteboa
Vamos todos a Belén
E veremos o meniño
Que naceu pro noso ben

Esta noite é noiteboa
E mañán e Navidad
E pasado os prinjados
Teredes que traballar.

3.O COMETIDO

Foron tres magos de Oriente

A cumprir o cometido

Alagouselle a patera

Na metade do camiño

Apareceu ao rescate

Unha lancha de aduanas

E de Guatemala para
guatepeor

Non escapa ninguén

de tanto control. bis

E fixechela ben efixechela
boa

Non nos deixan en paz

Nen en Noiteboa

E fixéchela boa e fixéchela
ben

Que nos deixen en paz para
o ano que ven

A Virxe e mais o virutas

Miran onde se deitar

Non hai sitio nas pousadas

E ocupan un portal

Dous anxiños de paisano

Van facer o desaloxo

E de Guatemala para
guatepeor

Non escapa ninguén

De tanto control. bis

E fixémosla ben....

Por entrementras os magos

Seguen en comisaría

Con problemas de papeis

Fartos de ver a policía

Aquí no canto da Europa

Non é todo cousa linda

Que de Guatemala para

4.O PELO ROXIÑO

Xesusiño está nas pallas

Súa nai está con el

Xunto a el tamén están

O boi , a mula e máis

Xosé Bis

E vamos a ver

E vamos a ver

O noso meniño

Que naceu

Cos ollos azules

E o pelo roxiño

Acendede catro pallas

E vámonos para Belén

Cantarlle ron ron ao neno

Para facelo durmir ben

Retrouso

Estas uviñas uviñas

I estas castañas con mel

*Son pro meu meniño
meigo*

Pro meu meniño Manuel

5.OVOS E TORRESMOS

Aguinaldo pido
Con disposición
Ovos e torresmos
Caixas de turrón
O aguinaldo imos
E ao aguinaldo andamos
Se nos dan as fabas
Tamén as tomamos

Dea o aguinaldo
Se o quere dar
Que bastantes porcos
Ten para matar
Dea o aguinaldo
Anque sexa pouco
Touciño e medio
E a metade doutro

Dea o aguinaldo señora
casada
Ovos e torresmos
Fan boa empanada
Dea o aguinaldo
Señora solteira
Cartos ou torresmos
O que vosté queira

Mociñas casadas
E mailas solteiras
Ide sacudindo
Esas faltriaqueiras
Dea o aguinaldo
Queremos marchar
Vimos de moi lonxe
E hai moito que andar

6.METIDO NUN OVO

Os tres reises magos

Van para Belén

Quitaron os zocos

Para correr ben

Lupe de Cabeira

Failles o café

Esperanza de Macario

Peneira de pé

Escoiten señores

O aguinaldo novo

Que naceu o neno

Metido nun ovo

Escoiten señores

O aguinaldo vello

Que naceu o neno

Metido nun cesto.

Déanolo aguinaldo

Anque sexa pouco

Un bo bacallau

E a metade doutro

De postre castañas

Boas e ben grandes

Un molete enteiro

E un queixo de Flandes.

Escoiten señores...

7.UNHA POUCA **ROUPIÑA**

Imos levar unha pouca
roupiña

Tres polas, dous galos,
máis unha galiña

Un añiño, dúas pombas
sen pel

Tres rulas ao xeito e un
tarro de mel

Ai meu neno, meu rei,
meu meiguiño

Non tes un albergue, non
tes un leitiño.

Sen arrimo entre as pallas
estás,

Ai meu queridiño, que frío
terás.

8.AGUINALDO **DESPEDIDA**

Señores nos marchamos
moi boas noites
perdoen se faltamos
foi sen querer
se nos dan o aguinaldo
teremos alegría
para volver.

9.NO PENDELLO

No pendello que hai
xunto ao camiño
Hoxe ás doce da noite
naceu
Un meniño pequeniño
Que parece do ceo
caeu.
Un meniño pequeniño
Que parece do ceo
caeu.
Entre o bafo de dous
animales
Pois o pobre cubertas
non ten
Nin señales dos pañales
Pra tapalo do frío se ven.

Levareille logo este
mantelo
Anque ás feiras boa falla
me fai
E un roxelo de bo pelo
Pra que faga bo caldo
súa nai
Levareille tamén esta pita
Pois é o neno máis guapo
que eu vin
E a cabrita máis bonita
Que pra el do cortello
escollín

10. NATAL DOS SIMPLES

Vamos cantar as janeiras

Vamos cantar as janeiras

Por eses quintais adentro
vamos

As raparigas solteiras

Pan parararariri

Pan parararariri

Pan pan pan pan

Vamos cantar orvalhadas

Vamos cantar orvalhadas

Por esas quintas adentro
vamos

As raparigas casadas

Vira o vento e muda sorte

Vira o vento e muda sorte

Por aqueles olivais perdidos

Foise embora o vento norte

Muita neve cai na serra

Muita neve cai na serra

Só e lembra dos caminos
velhos

Quem tem saudades da
terra

Quem ten a candeia acesa

Quem ten a candeia acesa

Rabanadas pan e vino novo

Matava a fome a pobreza

Ja nos cansa esta lonjura

Ja nos cansa esta lonjura

So se lembra dos caminos
velhos

Quem anda á noite á
ventura

Vamos cantar as janeiras

Vamos cantar as janeiras

Por eses quintais adentro
vamos

As raparigas solteiras.

11.KIKIRIKI

Cantámosche os reises

Guedellos de cabra

Cantámosche os reises

Non nos deches nada

Somolos reises do kikiriki

Vamos a ver que nos
botan aquí

Somolos reises do
cacaracá

Vamos a ver que nos
botan alá

Somolos reises da cabra
fanada

Viñemos eiquí

non nos deron nada

Aquí vimos catro

cantaremos oito

Denos de aguinaldo

fuciños de cocho

Ó aguinaldo vimos,

ó aguinaldo andamos

se nos dan fuciño

tamén o levamos

12.CHEGARON A PÉ

Chegaron a pé María e
Xosé

Non tiñan pousada, ían
para Belén

Chegaron á cova co frío
na pel

Non tiñan pousada
María e Xosé.

E naceu o neno do
ventre da nai

Un neno pequeno

Brila como un sol

Cala meu meniño

Cala meu amor

Que esta noite é boa

Chea de calor.

O neno Xesús é un
caravel

Fillo dunha rosa nacido
en Belén

Imolo adorar que está no
portal

Esta noite santa ó rei
celestial.

13.DESPEDIDA DE ANO VELLO

Despedida de ano vello

Entradiña de aninovo

Os señores desta casa

Os conten con grande
gozo.

Viva a terra dos gaiteros

Que viñeron a tocar

Ó neno recién nacido

Entre as pallas do portal.

Ano novo vida nova

Ano novo que traerás

O vello sospiros leva

O novo xa os traerá.

Ano de festas aque
naces

O pasado xa pasou

A primavera enverdece

O xardín que marchitou

Viva a terra dos gaiteros

Que viñeron a tocar

Ó neno recién nacido

Entre as pallas do portal

Ano novo vida nova

Ano novo que traerás

O vello sospiros leva

O novo xa os traerá

14.ALERTA , PASTORES,
ALERTA.

Alerta, pastores, alerta

É uma noite de alegría

Está nascido o deus
menino

Filho da virxem María

O menino foi á lenha

Espetou um pico nun pé

Chamou por nosa señora

Acudiulle San Xosé

Oh meu menino Xesús

Qeum te deu estes
soquinhos

Foi a súa avó Sant´Ana

Para traçer os pés
quentinhos.

**15.POR ENTRE AS
SILVEIRAS**

Por entre as silveiras
Cantan alegres os
paxariños
Anunciando a todos
Con gran esplendor
Que naceu o neno
Máis excelente e máis
bonitiño
Que ven a ser fillo
Do Noso Señor
A Belen vinde pastores
Alí naceu o meniño
E está meu ben tiritando
Ai tiritando de frío
Y el o pobriño tremando
está
E nadie corre pra o ir
quentar

So un boiciño co seu
soprar
Quentaba ao neno sen
descansar.
Por entre as silveiras....
As ovelliñas pacendo
Pola beira do regueiro
Berran porque xa naceu
O rei da terra e do ceu
E as aves todas co seu
chiar
Festexan xuntas a
navidad
Cos seus chiídos sen
descansar
Louban ó neno
Que está no portal
Por entre as silveiras...

**16. SEÑORA AMA DA
CASA**

Cantemos e máis
bailemos
Na mellor festa que hai
Que hoxe naceu un neno
Que esta nos brazos da
nai

Señora ama da casa
Veñanos a despachar
Que estalle a noite moi
fría
Non podemos aghardar

Teño unha pitiña teño
Con doce pitos tamén
Para regalarlle a María
Que está parida en
Belén.

Señora ama da casa...

Logo virán os pastores
Que tamén o queren ver
Levan ovos e menteiga
E unha xarriña de mel

Señora ama da casa...

O día de noiteboa
E o día de Nadal
Hei comer moitas
castañas
Que me vai dar miña nai

Señora ama da casa....

**17.CON UN SOBREIRO DE
PALLA**

Con un sombreiro de
palla
Un galego a Belen foi
Mentras adoraba ao
nenos
Comeulle o sombreiro o
boi

Deixade aos pastores
Deixadeos pasar
Que van cantar ao Rei
A Xesús no portal

Entre as pallas deitadiño
E en coiriños alí está
Sendo dono diste mundo
E señor de canto hai

Deixade aos pastores...

Con un sombreiro de
palla

Un galego a Belén foi

Mentres adoraba ao
nenos

Comeulle o sombreiro o
boi.

18.PANDEIRADA DE RAO

Deanos ovos e touciño

Ai laleleo....

Ai lalelo....

A señora ama da casa

Ten a pola da cereixa

E ela como é boa moza

Sen esmola non nos
deixa

Ai lalelo....

Esta casa si que é casa

Estas si que son paredes

E a muller que nela está

E muller entre as mulleres

Ai lalelo..

Ai señora ama da casa

Cachee ben os bolsillos

E se non nos vai dar
cartos

19.VAMOS

COMPAÑEIROS VAMOS

Vamos compañeiros
vamos

Vamos todos cara Belén

A ver aquel rapaciño

Que acabou de nacer.

Bis

Tiruliruli..

Somos dous pastores
chairesgos

Que vimos xunto ao
meniño

A traerle unha gudedellas

Pra que quente o seu
corpiño

Somos mariñeiros somos

Das terras de Camariñas

E ao neno Xesús traemos

Unhos peixes e sardiñas

Ó portal vimos correndo
dende a ribeira do Miño

Pra ofrecerle ó noso
nenos

Un pelexo de bon viño

Todos che regalan algo

E eu que che regalarei

Un pucheiro de manteiga

E unha cunca de bo mel

20.VINDE VER O NENO

Vinde ver o neno
Que está espidiño
E acurrucadiño
Ao pé dos seus país
E mancanno as pallas
En que está deitado
Vinde ao seu lado
Xa non chorará.

O meniño pequeniño
Entre unas pallas se ve
Como o neno é tan
pequeno
Aínda non se ten de pé
Ai que neno hai que
meniño
Ai que ganiñas me dan

De comerlle a cara a
bicos

De guapo e gordo que
está

Vinde ver....

21.CANTO DE LASOXO

A Belén camiña

A virxe María

Ao seu lado Xosé

De noite e de día

Un amante firme

Digno de estimar

Ai antes da doce

A Belén chegan

Foron camiñando

A onde atoparon

A dous pasaxeiros

E lles preguntaron

Si para Belén

Hai onde quedar

Ai antes das doce

A Belén chegan

Foron camiñando

A ondea toparon

Un portal moi vello

Fixeron conceto

De alí se quedar

Ai antes das doce

A Belen chegan

Deitate meu home

Se é que ves cansado

E por min non pases

Pena nen cuidado

Se a hora chega

Heite de avisar

Ai antes das doce

A Belén chegan

Pola media noite

Naceu un meniño

Entre palle e herba

O verbo divino

É o rei do ceo

Que nos ven reinar

Ai antes das doce

A Belén chegan

Dean o aguinaldo

Señores por Deus

Que ven de nacer

O fillo de Deus

Despachen señores

É preciso andar

Ai antes das doce

A Belén chegan

Ora veña ora veña

Ora veña se ha de vir

que somos de terra lonxe

e queremos ir durmir

ai lala..

Se nolo habedes dar

Non tedes que lle esperar

Imos a correr Galicia

E o reino de Portugal

Ai lalalalalalala

Ai lalalala

Esta casa si que é casa

O canteiro que a fixo

Por dentro semella o ceo

E por dentro o paraíso

Ailala...

22. O AGHINALDO

Dadenolo aghinaldo

Que nos queremos marchar

Que vimos desde moi lonxe

E nos queremos marchar.

ÍNDICE:

1. Nadal de Luintra.
2. Muxicas no ceo de Belén.
3. O cometido.
4. O pelo roxiño.
5. Ovos e torresmos.
6. Metido nun ovo.
7. Unha pouca roupiña.
8. Aghinaldo despedida.
9. No pendello.
10. Natal do simples.
11. Ki ki r ki
12. Chegaron a pé.
13. Despedida de ano vello.
14. Alerta, pastores, alerta.
15. Por entre as silveiras.
16. Señora ama da casa.
17. Con un sombreiro de palla.
18. Pandeirada de Rao.
19. Vamos compañeiros vamos.
20. Vinde ver o neno.
21. Canto de Lasoxo.
22. O aghinaldo.

Recollidos dos discos:

- Cantigas de Nadal. Vari@s
- Cantos para o Nadal.Qui ri qui qui. Vari@s
- Nadal. Malvela
- Galicia canta ao neno.Fuxan os ventos.

Vide .1 de novembro de 2008